

## PROXECTO "UNHA ESCOLA PARA TOD@S: INCLUSIÓN EDUCATIVA DE ALUMNADO COA SÍNDROME DE DOWN E OUTRAS DISCAPACIDADES INTELECTUAIS"

### ENTREVISTA A DELMIRO PRIETO, PRESIDENTE DE DOWN GALICIA

#### 1. Como valoras a situación actual da educación en España?

Nacións Unidas deunos un toque de atención o ano pasado porque non se está cumprindo o compromiso asumido de posta en marcha dun sistema de educación inclusivo. Efectivamente, o sistema educativo en España non contempla a inclusión; é máis, a actual LOMCE é excluín-te.

#### 2. Que cres que debería mellorar?

Hai que empezar a desenvolver un sistema educativo inclusivo. Para iso é indispensable que desde o poder público se empecen a dar pasos en dotar ao ensino público de recursos físicos, humanos, económicos, didácticos, etc. en favor da inclusión. A educación é un alicerce fundamental na construción dunha sociedade, por iso o Estado ten a obriga-ción de proporcionar recursos a toda a poboación nunha fórmula universal, integradora, inclusiva e nunca desde a segregación dunha parte.

#### 3. Por que Down Galicia aposta firmemente pola educación inclusiva?

Porque consideramos que toda persoa, polo feito de selo, ten o deber e dereito a gozar da educación en contornas normalizadas, e ninguén pode arrogarse dereito algún que favoreza que esta se produza en espazos segregados. Dificilmente podemos educar en valores como respecto, aceptación da diferenza, solidariedade, etc., se educamos a unha parte da poboación no descoñecemento doutra parte. E as súas realidades, en lugar de ser compartidas, son vidas diferentes e diferenciadas.

#### 4. Por que cres que é importante a inclusión no ámbito educativo para as persoas coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual?

A educación inclusiva é importante para toda a poboación, sen exclusión. Sexan alumnos con NEE ou non.

#### 5. Consideras que os profesionais da educación teñen un coñecemento real sobre as necesidades das persoas con discapacidade nos centros?

O traballo destes anos fixo que se puxese en valor esta realidade, aínda que hai que dicir que hai moito camiño por percorrer. Con todo, hei de dicir que o momento actual é moi diferente ao que había fai vinte e cinco anos.

**6. Consideras suficientes os medios que a administración pública destina á inclusión nas aulas das persoas con discapacidade?**

Non. En absoluto. O primeiro que debe facer calquera administración con competencias na materia é crer na educación inclusiva. Despois empezar a dotala de recursos e favorecer a súa evolución.

**7. Por que cres que teñen xurdido tantos movementos a favor da educación segregada nos últimos tempos?**

Non creo que xurdisen agora. Xa estaban aí. O que ocorre é que estaban en silencio moi cómodos nesa especie de guetos intocables e non aceptan que se mova nada. A verdade, cústame aceptar que haxa pais que baixo o paradigma da atención especializada, favorezan que os seus fillos estean apartados do resto de nenos e nenas. Sería máis interesante, baixo o meu criterio, que empeñasen o seu esforzo en loitar para que esa atención que necesitan a tivesen nos centros educativos onde acoden o resto de nenos e nenas. De todos os xeitos é unha posición respectable.

**8. Como valoras a futura lei educativa do noso país?**

Primeiro hai que coñecer os detalles; esa letra pequena, pero en principio soa bastante ben. Sen dúbida aposto por esa liña, aínda que espero que antes de completala sexa escoitadas todas as partes: docentes, pais, etc.

**9. Que lle dirías a un pai ou unha nai que teña medo de escolarizar ao seu fillo ou filla nun centro ordinario?**

Que o perda. Non hai motivo para ese medo. E máis hoxe que hai 30 anos. Non é un temor diferente ao que tería respecto de calquera fillo.

**10. Como valoras a colaboración de fundacións como Inocente Inocente con entidades e proxectos que apostan pola educación inclusiva?**

Son unha apoio importante. Un gran estímulo e impulso para seguir traballando por unha educación inclusiva como vehículo para conseguir unha sociedade máis xusta.

**11. Algo máis que nos queiras contar...**

Só unha cousa:

“UNHA EDUCACIÓN, OU É INCLUSIVA OU NON É EDUCACIÓN”